

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE MARZO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de marzo de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 13 de marzo de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 28 de novembro de 2024 (RE-E núm. 700), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

| | |
|---------------------|----------------------------------|
| DENOMINACIÓN SOCIAL | ROUSIL S.C. |
| CIF | ██████████ |
| DOMICILIO SOCIAL | LUGAR DA VEIGA, PARROQUIA DE RÍO |
| REPRESENTANTE | ALBERTE LAMAZARES CASERO |
| DNI | ██████████ |

DATOS DA OBRA

| | |
|---------------------------|--|
| OBXECTO | ESTERQUEIRA VINCULADA A EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE |
| LUGAR | A VEIGA |
| PARROQUIA | RÍO |
| CLASIFICACIÓN SOLO PXOM | SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AUGAS |
| RFA. CATASTRAL DO INMOBLE | Parcela núm. 1016 do Polígono 7 da ZCP Val de Camba |
| DOCUMENTO TÉCNICO | SI (Memoria técnica e anexo redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, en datas 28/11/24 e 07/02/25) |
| ORZAMENTO DE EXECUCIÓN | 9.611,56 € |
| PRAZO DE EXECUCIÓN | UN (1) MES |
| INFORME URBANÍSTICO | SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 18/03/25) |

DATOS DA ACTIVIDADE

| | |
|-------------------|---|
| ACTIVIDADE | EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE |
| CÓDIGO REAGA | ██████████ |
| TRÁMITE AMBIENTAL | EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 13/02/25) |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de

establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO NOVENTA E DOUS EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (192,24 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Sexto.- En aplicación do artigo do artigo 11.2 do RIAE e do artigo 364.2 do RLSG, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Comunicación previa para o inicio da actividade.
- ✓ Certificado final de obra asinado por técnico/a competente.

Sétimo.- Antes do inicio da actividade deberán achegarse un certificado de impermeabilidade e estanquidade da esterqueira e un certificado da capacidade de almacenamento da esterqueira (m³), asinados ambos por técnico/a competente.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

— Parragués S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 11 de marzo de 2025 (RE-E núm. 198), coas seguintes características:

DATOS DO ANTERIOR TITULAR

| | |
|-----------------|--|
| NOME E APELIDOS | MANUEL AGUIAR DAPARTE |
| DNI | ██████████ |
| DOMICILIO | LUGAR DE COUSO, PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE ASPERELO |

DATOS DA NOVA TITULAR

| | |
|------------------|--|
| RAZÓN SOCIAL | PARRAGUÉS S.C. |
| CIF | ██████████ |
| DOMICILIO SOCIAL | LUGAR DE COUSO, PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE ASPERELO |
| REPRESENTANTE | JOSÉ MANUEL AGUIAR JORGE |
| DNI | ██████████ |

DATOS DA ACTIVIDADE

| | |
|----------------------------------|--|
| ACTIVIDADE | CEBADEIRO DE PORCINO |
| LUGAR | COUSO |
| PARROQUIA | SAN MARTIÑO DE ASPERELO |
| REFª CATASTRAL DO INMOBLE | 36047A133004720000LU |
| TÍTULO HABILITANTE URBANÍSTICO | NON CONSTA |
| TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE | SI (RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 02/10/01) |
| NÚM. INSCRICIÓN REAGA | ██████████ |

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obriga legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

4.- CONCESIÓN DE CUARTA PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA AMPARADA EN COMUNICACIÓN PREVIA

— María del Carmen Varela Cuñarro

ANTECEDENTES

1º.- Dona Leticia Diéguez Alonso, na representación que acredita no presente expediente de Dona MARÍA DEL CARMEN VARELA CUÑARRO, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Badalona (Barcelona), solicita con data 10 de marzo de 2025 (RE-E núm. 189) unha cuarta prórroga do prazo de execución de obra de CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE PARCELA, con emprazamento no lugar da Penela, parroquia de Pedroso.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 10 de outubro de 2024, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 10 de outubro de 2024, cun prazo de execución de dous (2) meses.

4º.- Por acordos deste órgano, adoptados nas sesións de datas 29 de xaneiro de 2025, 5 de febreiro de 2025 e 4 de marzo de 2025, concedéronse á solicitante tres prórrogas do prazo de execución ata o día 10 de marzo do corrente.

5º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 17/03/25, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: *“As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha cuarta prórroga do prazo de execución da obra, polo período dun mes, que rematará o día 10 de abril de 2025.

5.- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2025

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron un novo convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespas asiática (vespa velutina). Con este novo convenio preténdese establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do programa en 2025 e así continuar ofrecendo unha solución homoxénea en todas as zonas afectadas que permita a contención e seguimento da vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola, tendo asemade repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula terceira de dito Convenio, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio, asinado o día 4 de marzo de 2025, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática (vespa velutina) no ano 2025.

Segundo.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o protocolo de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

6.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2025

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13/03/25) e a conveniencia de solicitar dita axuda para a contratación dun posto de traballo de oficial forestal e dous de peón forestal, a tempo completo e por un período de nove meses, para a realización dun programa de interese social municipal.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha axuda económica, por importe total de CORENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SEIS EUROS (49.806,00 €), para a contratación de tres traballadores/as para o desenvolvemento do servizo denominado “*Accións preventivas en vías e infraestruturas municipais*”.

Segundo.- Aprobar a memoria do servizo que van realizar os/as traballadores/as, redactada polos servizos municipais.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Para as retribucións dos/as traballadores/as a contratar ao abeiro da presente Orde será de aplicación o I Convenio estatal para o sector de actividades forestais (BOE núm. 165, do 11/07/19).

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2024-2025

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 correspondente á obra de *“Mellora de camiño municipal de acceso a parcelas agrícolas en Álceme”*, incluída no Plan Marco 2024-2025, por importe de CORENTA MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (40.961,80 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 40.961,80 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-059 (FACe), de data 10/03/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 13 de marzo de 2025, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra asinado pola dirección facultativa en data 06/03/25.

8.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2024

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 3 correspondente á obra de “Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego”, incluída no Plan Máis Provincia 2024, por importe de CENTO NOVENTA E UN MIL OITOCENTOS (191.800,00 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 191.800,00 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-61 (FACe), de data 10/03/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

9.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 correspondente á obra de “*Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme*”, incluída no Plan Concellos 2023, por importe de VINTE E CINCO MIL NOVECENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (25.954,31 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 25.954,31 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-60 (FACe), de data 10/03/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

10.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA SEMANA SANTA 2025” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia Semana Santa 2025*”, que se desenvolverá os días 14, 15, 16 e 21 de abril do corrente. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período

non lectivo de Semana Santa. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A actividade desenvolverase os días 16, 15, 16 e 21 de abril de 2025.
- ✓ A actividade dirixese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 09:00 h. a 14:00 h. nunha aula do CPI de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando as datas nas que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Semana Santa 2025 establécese entre os días 1 e 11 de abril de 2025 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres, poderanse inscribir ata completar as prazas existentes crianzas tanto empadroadas como non empadroadas no Concello.
- ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas por cada día de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e de outras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego de longa duración ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
- ✓ O prezo da actividade establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas. Deberase presentar xustificante do pago da actividade antes do inicio da mesma como requisito para poder acudir ao programa.

11.- ACORDO DE GASTO

— Ana Fernández Valiñas

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con 18 de marzo de 2025, asinouse ante o Xulgado do Social núm. 4 de Pontevedra acta de conciliación con avenencia entre a ex-traballadora municipal Dona Ana

Fernández Valiñas e os representantes do Concello e da entidade aseguradora Mapfre España S.A. Dita conciliación pon fin á demanda presentada no seu día en reclamación de indemnización polo accidente de traballo padecido pola dita traballadora e que deu lugar aos autos de Procedemento Ordinario núm. 0000150/2024 seguidos ante o dito Xulgado. Mediante dita conciliación os demandados comprométese a indemnizar á demandante coa cantidade de 90.000,00 €, sendo abonada pola aseguradora a cantidade de 89.700,00 €; correspondendo ao Concello asumir o importe da franquía contratada na póliza en vigor que ascende á cantidade de 300,00 € por sinistro.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar un gasto por importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) a favor de ANA FERNÁNDEZ VALIÑAS, con DNI núm. [REDACTED], en concepto de abono do importe da indemnización acordada.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 344,60 €
Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 6/25.
- FERRODEIRO S.L. 1.219,68 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000452.
- E.S. ATENEO S.L. 835,05 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2025/FA/000265 (FACe).
- IRAGO EXCLUSIVAS Y DISTRIBUCIONES S.A. 97,57 €
Por subministro de produtos para os sanitarios de edificios municipais, s/factura núm. 201533.

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 98,25 € E 1,85 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de febreiro de 2025, s/facturas núm. 4004266378 e 4004257593 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 1.418,57 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202519900020002118 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 45,89 €, 42,83 € E 42,83 €
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 45,89 €, 42,83 € E 42,83 €
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 42,83 € E 39,78 €
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- MARÍA LARA HERMIDA FERNÁNDEZ 42,83 € E 39,78 €
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- YOLANDA AGUIAR JORGE 39,78 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ALFONSO DOVAL CIDRE 39,78 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.

- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS 127,24 €
Por cota anual de pertenza á Federación, s/factura núm. RC/25-2538 (FACe).
- CONSULTORÍA ICAL S.L. 3.146,00 €
Por abono parcial do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2024, s/factura núm. 003/2025 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 757,11 €
Por subministro de calzado e roupa de traballo para as auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), s/factura núm. 000455.
- ADRIÁN PÉREZ PORTELA 5.755,37 €
Por diversos traballos de reparación no pavillón polideportivo e no ximnasio municipal, s/factura núm. A/3.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 123,32 €, 807,01 € E 108,40 €
Por traballos de reparación de vehículos municipais, s/facturas núm. C 10885, C 10886 e C 10887.
- AGROCAMBA V. FARO S.L 43,50 €
Por subministro de materiais para obras municipais, s/factura núm. 25FV 22.
- FERRODEIRO S.L. 970,44 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000456.
- COSAPLAG S.L.U. 1.438,17 € E 153,90 €
Por análíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20251144 e 20251145 (FACe).

- CELSO GONZÁLEZ JORGE 183,13 € E 474,02 €
Por diversas reparacións na máquina varredora e no camiión de recollida do lixo, s/facturas núm. C 10888 e C10884.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 478,23 €
Por subministro de combustible aos camiións de recollida do lixo no mes de febreiro de 2025, s/factura núm. FA – 367.
- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A250169 (FACe).
- DAMIÁN RAMOS BREA 1.149,50 €
Por actuación musical no Entroido 2025, s/factura núm. 01.
- TOXO VERDE S.C. 447,70 €
Por gravación e montaxe de vídeo resume do Entroido 2025, s/factura núm. S-201800074.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 151,25 €
Por confección de fotos en cartón pluma do concurso fotográfico da muller rural, s/factura núm. A/250054.
- CANTERAS DEL ARENAL S.L 2.074,33 €
Por subministro de zavorra para obras en camiións municipais, s/factura núm. 000/000000013 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)